



# EU

# TRABALLO GRATIS

DO 18 DE NOVEMBRO AO 31 DE DECEMBRO

**CAMPAÑA EU TRABALLO GRATIS**

**#EutraballoGratis do 18 de novembro ó 31 de  
decembro de 2021**

**Dende o 18 de novembro ó 31 de decembro as  
mulleres españolas  
TRABALLAMOS GRATIS**

Na UE, as mulleres cobran por hora un 14,1% menos que os homes de media. Isto equivale case a dous meses de salario (51 días de salario). Por este motivo, a Comisión Europea marca o 10 de novembro como un día simbólico para concienciar sobre o feito de que as traballadoras en Europa seguen gañando de media menos que os seus compañeiros masculinos.

En España sumámonos a esta concienciación da poboación en relación á brecha salarial que soportan as mulleres asalariadas españolas. De media, cobramos un 11,9% menos que os homes en salario/hora (10,12% en Galicia). Isto supón 43 días ó ano que traballamos gratis (37 en Galicia), que este ano se fixa o 18 de novembro (no caso de Galicia sería o 24 de novembro).

**\* Hai que precisar que a obtención metodolóxica dos datos de Galicia non é a mesma que se realiza no caso de España ou todos os relativos á UE e os seus países membros, xa que Eurostat, que é a fonte utilizadas nestes casos, non descende a nivel rexional, o que nos obriga a traballar cos datos da Enquisa de Estrutura Salarial que facilita o INE para dar datos a nivel rexional. Polo que á hora de facer as comparacións hai que ter en conta esta diferenza metodolóxica.**

#### Calendario europeo de brecha salarial 2021

Brecha salarial	País	% Brecha salarial	Número de días ó ano traballados polas mulleres e non retribuídos (tomando como referencia 365 días)	Data dende a que as mulleres traballan de xeito gratuito
Salario por hora traballada	Unión Europea	14,1	51	Dende o 10 de novembro ata finais de ano
Salario por hora traballada	España	11,9	43	Dende o 18 de novembro ata finais de ano
Salario por hora traballada (elaborados os datos coa Enquisa de Estrutura Salarial do INE)	Galicia	10,12	37	Dende o 24 de novembro ata finais de ano

*Fonte: Elaboración propia a partir de datos de EUROSTAT e da Enquisa de Estrutura Salarial do INE (no caso de Galicia)*


Aínda que dende hai 45 anos existe unha lexislación europea sobre igualdade salarial entre homes e mulleres, a brecha salarial de xénero na Unión Europea segue sendo inaceptablemente elevada, máis do 14% (10,12% en Galicia). Ó ritmo actual de progreso, moi lento, a igualdade salarial non se acadaría en toda a UE ata o próximo século (2104) e nunca se logrará nalgúns estaos membros.

A necesidade de actuar faise máis urxente cando o impacto do brote do coronavirus ameaza con socavar os avances logrados en materia de igualdade de xénero. O legado da COVID non pode ser unha menor igualdade salarial, sobre todo, porque a maioría dos traballadores esenciais e de primeira liña son mulleres. Non pode ser aceptable, se é que algunha ves o foi, referirse a estas traballadoras como pouco cualificadas. Demostraron o esenciais que son para as empresas, a organización, a sociedade e a economía. Dos 49 millóns de traballadores do sector asistencial na UE, preto do 76% son mulleres (78,3% en Galicia); as mulleres representan o 82% das traballadoras do comercio (80% en Galicia) e o 95% (95% tamén en Galicia) dos traballadores da limpeza doméstica e axuda a domicilio. O papel esencial desempeñado por estes traballadores durante a pandemia da COVID esixe volver a avaliar de xeito sistemático a súa remuneración, para que a súa verdadeira contribución se pague e valore axeitadamente.

A UE ten agora a oportunidade de pechar a brecha salarial de xénero. Pode facelo adoptando unha Directiva sobre transparencia salarial que faculte ás traballadoras para que se reevalúe o valor do seu traballo, agora infravalorado, e adoptando unha Directiva sobre salarios mínimos axeitados que eleve os salarios mínimos a un limiar de decencia e elimine obstáculos á negociación colectiva. É unha dobre oportunidade que non volverá a xurdir pronto.

Dende o Comité de Mulleres da Confederación Europea de Sindicatos, vimos participando ó longo dos últimos anos, con campañas continuas para presionar á Comisión Europea a que aprobe unha Directiva sobre Transparencia Salarial, que garanta os instrumentos necesarios para coñecer as discriminacións salariais no eido laboral.

En España contamos cun acordo de Salario Mínimo Interprofesional, que debemos seguir mantendo e reivindicando o seu aumentos nos vindeiros anos, cun Real Decreto sobre Igualdade Retributiva, que vai permitir ás traballadoras españolas coñecer os motivos da súa discriminación salarial e eliminalos, corrixilos e previlos nun futuro a través dos Plans de Igualdade e os Convenios Colectivos. Ou ben, a través das demandas ante a Inspección de Traballo ou ante os xulgados correspondentes, xa que os Rexistros Retributivos, obrigatorios en todas as empresas españolas e as Auditorías Salarais, obrigatorias para quenes teñen ou queren poñer en marcha un Plan de Igualdade, serán probas para poder demostrar a discriminación cara as mulleres.




Fonte: Eurostat 2021

\* UGT relanzará o 18 de novembro a campaña que desenvolve o sindicato todos os anos, dende que comezou en 2016, para denunciar a brecha salarial entre mulleres e homes, unha lacra que aínda perdura e apenas varía. Os datos que coñecemos de Eurostat corresponden a 2019. Os datos do ano anterior (2018) foron axustados e a brecha salarial para 2018 e 2019 fíxase no 11,95% (10,12% en Galicia). Un punto e medio menos que no 2017 (en Galicia baixou 2,6 puntos).


\* No conxunto da UE, a brecha descendeu un 0,30%. Situándose no 14,1 no 2019.

## Porcentajes de brecha salarial en la UE en 2019



Fonte: Eurostat 2021

\* España rexistrou unha brecha salarial do 11,95%. Por debaixo da media da UE que se situou no 14,1%. As brechas salariais máis elevadas prodúcense en Estonia (21,7%), Letonia (21,2%), Austria (19,9%) e Alemaña (19,2%), que se achegan ou superan o 20% e duplican a brecha salarial española. Onde menos brecha ha pola contra é en Luxemburgo (1,3%) e Romanía (3,3%). España triplica esta cifra.



Fonte: Eurostat 2021

\* Tendo en conta os días, en España as mulleres traballan 43 días gratis (43 en Galicia), algo menos que a media da UE (traballan 51 días gratis) pero moi por enriba de países como Luxemburgo, onde traballan cinco días gratis ou Romanía, 12 días. No outro extremo, onde as mulleres máis días gratis sitúanse países como Estonia (80 días), Letonia (77 días), Austria (73 días) ou Alemaña (70 días).